

INDIVIDUALISMO POSESIVO E EUROPA ASOCIAL

Luis Moreno

Consejo Superior de Investigaciones Científicas
(Madrid)

INTRODUCCIÓN

Cedeu a Europa social o paso á Europa asocial?; desvincúlense os europeos do benestar dos seus concidadáns?; existe unha mudanza civilizatoria cara a novas formas de individualismo posesivo?; será a presente Idade do Bronce do *welfare* preludio dunha volta á prehistoria do benestar social? As respostas a tales preguntas de investigación —interrelacionadas entre si— enmarcan o empeño indagador do presente traballo¹.

O Estado do benestar (EB) é un conxunto de institucións estatais provedoras de políticas sociais dirixidas á mellora das condicións de vida e a procurar a igualdade de oportunidades dos cidadáns. As políticas sociais, pola súa vez, son intervencións dos poderes públicos que afectan ás oportunidades vitais dos cidadáns e cobren os seus riscos vitais, principalmente nos eidos do ensino, do emprego, da saúde, da seguridade social e das transferencias fiscais. O gasto público destinado aos EB está comprendido nunha franxa de entre un quinto e un terzo do produto interior bruto (PIB) e supón arredor da metade do gasto público dos seus países. Ambos os trazos caracterizan distintivamente os EB europeos².

Durante a segunda metade do século XX, e con altos graos de lexitimidade, o Estado do benestar fixo posible a aspiración cidadá pola mellora das condicións de vida na Europa occidental. Cabe establecer, en retrospectiva, que ás *Treinte Glorieuses*, ou período da Idade de Ouro³ do capitalismo do benestar europeo

¹ Para cuxa elaboración se utilizaron diversas seccións recollidas nos libros redactados polo autor *Europa asocial*, 2012, e *Europa sin Estados*, 2014.

² Segundo Peter Flora (1993), tales porcentaxes de mínimos e máximos do gasto público social evidencian a distinta madurez e xenerosidade dos EB europeos. Se se considera o gasto público neto, que ten en conta a tributación das prestacións sociais e os gastos fiscais ocultos (deducións e exencións impositivas), Francia acadaba en 2001 un 29 % do PIB, porcentaxe que contrastaba co 26 % de Dinamarca e o 17 % dos Estados Unidos (Esping-Andersen e Palier 2010).

³ Tal denominación evoca as catro idades mitolóxicas do Ouro, a Prata, o Bronce e o Ferro narradas polo poeta romano Ovidio (43 a. C.-17 d. C.), cada unha das cales cabía interpretar como unha corrupción da anterior, segundo xa sinalara o poeta grego Hesíodo (século VII a. C.) no seu célebre poema *Traballos e días*.

(1945-1975), as sucedeu unha Idade de Prata (1976-2007) que mantivo unha encomiable resiliencia ante os persistentes axustes a fin de conter os gastos sociais e en evitación de retrocesos das políticas do benestar.

Tras o crac económico de 2007⁴, a cuestión que ponderar nos inicios do século XXI é se a presente Idade de Bronce do *welfare* (2008-?) poderá manter os trazos constitutivos do benestar social consolidados na segunda metade do século XX. Na próxima sección procédese a unha análise de conceptos claves na nosa discusión relativos á cidadanía, a asociabilidade e os individuos posesivos. Tras ponderarse os desafíos que confronta o modelo social europeo, baixo asedio polos sistemas alternativos de remercantilización e neoescravismo, os comentarios finais atenden aos vaticinios sobre o final da civilización social europea.

CIDADÁNS ASOCIAIS E CAPITALISMO DO BENESTAR

A comunidade moral en condicións de modernidade estableceu o principio de pertenza á politeia (Estado nacional) como responsabilidade tanto individual como colectiva dos seus cidadáns. Porén, existen visións teóricas encontradas respecto a cales deberían ser as institucións garantes das responsabilidades individual e colectiva en dereitos e deberes cidadáns. Dúas perspectivas diverxentes do propio pensamento democrático liberal serven para ilustrar tales disparidades á hora de facer efectivo o dito principio civilizador.

Para o pensamento liberal clásico, reciclado a conveniencia polos neoliberais de fins do século XX, non existen medios nin criterios que poidan fixar unha xerarquía colectiva de deberes cidadáns alén da instauración dun marco mínimo institucional que garanta o intercambio ilimitado de ideas e mercadorías⁵. Para

⁴ Adoita considerarse o 15 de setembro de 2008 como a data do inicio da crise, tras o anuncio oficial de bancarrota de Lehman Brothers, a venda de Merrill Lynch ao Bank of America e o colapso do xigante dos seguros American International Group. Semella máis razoable retrotraer o dito comezo ao martes «negro» do 27 de febreiro de 2007, logo da creba das hipotecas *subprime* estadounidenses e a forte caída da Bolsa de Nova York. Catro anos despois do crac de 2007, a US Securities and Exchange Commission concluíu que os directivos das dúas grandes hipotecarias, Fannie Mae e Freddie Mac, enganaran os investidores ao non os informaren dos riscos que estaban a asumir coas *subprime* e as hipotecas de alto risco, iniciadoras da devastadora crise financeira posterior.

⁵ Friedrich August von Hayek (1944) criticou contundentemente a economía planificada comunista, a cal impelía a percorrer un camiño de servidume que abocaba indefectiblemente no totalitarismo e na disolución das liberdades individuais.

o liberalismo social⁶, si existe un deber ou obriga moral da comunidade na provisión dos medios que poidan cubrir as necesidades básicas de todas as persoas, xa que a súa inexistencia imposibilitaría o cumprimento dos seus respectivos deberes individuais como cidadáns⁷.

En contraste coa institucionalización dos dereitos civís e políticos implantados tras as revolucións liberais dos séculos xvii e xviii (Marshall 1950), os últimos lustros foron testemuñas de reiterados intentos por desformalizar dereitos de cidadanía social, así como dun cuestionamento das que parecían conquistas sociais irreversibles. Se ben o proceso de democratización de masas na modernidade apuntaba á consecución da cidadanía social como estadio superior civilizatorio, isto implicaba unha superación das chamadas liberdades negativas, baseadas no principio constitucional de igualdade e imparcialidade.

Nos EB europeos, co acceso a liberdades positivas como a procura de protección social contra os riscos sociais durante os ciclos vitais dos cidadáns, superouse en boa medida a concordancia entre ambos os tipos de liberdades negativas e positivas (Berlin 1958). O liberalismo de corte clásico e o neoliberalismo de novo cuño insistiron teimosamente en que a única aspiración razoable nas nosas democracias avanzadas é a da que os poderes públicos garantan a práctica e o gozo de liberdades negativas, ao tempo que se lles deixa aos individuos a decisión de construíren para si as súas liberdades positivas e, en suma, a súa propia cidadanía social sobre a base dun pluralismo non relativista. Os riscos inherentes á vida social deben ser cubertos, en primeira instancia, polos propios individuos. Segundo palabras de Margaret Thatcher, «existen individuos, homes e mulleres, e existen familias. E ningún Goberno pode facer nada se non é a través das persoas, e as persoas han de se ocupar, antes de máis, delas mesmas. O noso deber consiste en

⁶ Algúns dos seus representantes kraus-institucionistas en España, tales como Gumersindo de Azcárate ou Francisco Giner de los Ríos, tamén eran denominados naquela altura como «neoliberais». No entanto, os representantes da Institución Libre de Enseñanza sustentaban as súas propostas de acción nun «racionalismo harmónico» que avogaba por programas que auspiciasen unha coexistencia simbiótica de clases sociais e actores económicos superadora do conservadorismo tradicional, o *laissez faire* depredador, o corporativismo católico e o colectivismo revolucionario.

⁷ Nalgunha medida esta visión dos dereitos sociais básicos é compatible coa posición de Robert Nozick (1974), ao soste que tales dereitos comunitarios mínimos non deberían ter como finalidade a consecución de situacións (pre)definidas de benestar individual, senón a evitación de os cidadáns seren privados do acceso aos bens básicos. A visión liberal libertaria de Nozick contraponse á de liberais sociais neocontratualistas como John Rawls (1971), para o cal o *maximin* de xustiza social debe ser produto de eleccións que vaian a prol dos cidadáns máis desfavorecidos.

ocupármonos de nós mesmos e, despois, en ocupármonos dos nosos semellantes» (1993: 528)⁸.

Insistiuse, alén diso, na imposibilidade de establecer unha orde transitiva de preferencias como agregación das meramente individuais (Arrow 1950). De todo isto translócese un entendemento asocial da existencia humana que fai fincapé no individualismo, a miúdo posesivo, como norma comportamental ineludible: o individuo é o único propietario das súas destrezas e capacidades, e disto non debe gran cousa á sociedade. Alén do anterior, tales destrezas e competencias son mercadorías que se poden comprar e vender nun mercado libre de interferencias reguladoras. En tal marco asocial conta poderosamente a insaciable pulsión polo consumismo egoísta e a avaricia acaparadora, identificados como inapelables motores da existencia humana e principios guía de toda actividade económica (Macpherson 1962). Abundando na seminal idea do consumismo conspicuo (*conspicuous consumerism*) conceptualizada por Thorstein Veblen (1899)⁹, Daniel Bell (1974) sinalaba premonitoriamente que o capitalismo consumista facía os cidadáns cativos da industria da satisfacción individual inmediata.

Para a concepción asocial do individualista posesivo, a sociedade é unha construción humana cuxa única finalidade última é protexer os individuos e as súas propiedades, mantendo a orde nas relacións de intercambio entre as persoas como propietarias. A sociedade fica reducida á sociedade de mercado, na cal a independencia persoal prevalece sobre calquera outra consideración. No canto dunha militancia de hostilidade cara ao colectivo social, prefírese unha posición de autosuficiencia en termos persoais cunha evitación de obrigas sociais, as cales si predominan —por paradoxal que poida parecer— en sociedades altamente individualistas, como as escandinavas, mais cunha alta interiorización persoal dos deberes para cos outros¹⁰.

Cos comportamentos de responsabilización social evítanse procesos de desvinculación social e desafiliación que caracterizaron certos acontecementos que

⁸ Segundo unha reportaxe publicada en *The Sunday Times* do 23 de xullo de 1989, a «Dama de Ferro» revisara un discurso do seu ministro de Sanidade, Kenneth Clarke, do cal eliminou a palabra «sociedade» en todos os fragmentos onde aparecía.

⁹ Tal consumismo comporta o gasto «compulsivo» de diñeiro a fin de adquirir bens e servizos que, en última instancia, outorgan visibilidade ao poder económico, e establece os mecanismos de obtención e preservación do status social das persoas.

¹⁰ Pode argüírse que se trata dun tipo de individualismo «social» mediante o cal os cidadáns emprazan as institucións estatais do benestar a se ocupar daqueles que precisan axuda (Rothstein 1998).

tiveron lugar nalgunhas sociedades continentais durante a Idade de Prata do *welfare* (1976-2007) (Castel 1992). Ha de observarse que o individualismo social nórdico empra a vicariamente as institucións estatais do benestar a se ocupar daqueles que precisan axuda, eludindo quizais unha implicación persoal directa. Mais o alto grao de confianza mutua e capital social das sociedades escandinavas fai posible unha gran solidariedade institucional nunha «sociedade de individuos» (Elias 1990). Todo isto fica patente no pagamento de impostos considerablemente maiores ca no resto das democracias industriais avanzadas¹¹.

Instrumentalmente o corpo social ou colectivo é asumido polos individuos sociais como un referente circunstancial en proveito propio. A sociedade de mercado «posesiva» postula a retribución do traballo efectivo, o cumprimento dos contratos, a maximización da racionalidade individual, a propiedade individual e a organización colectiva fundamentada nas posesións, capacidades e enerxías dos individuos. Todo isto está na base dunha funcionalidade na que o individual prevalece a toda consideración colectiva. No límite da asociabilidade, os cidadáns poden chegar a aceptar uns mínimos de convivencia que impliquen institucións comúns, así como a aceptación de estándares colectivos básicos no exercicio supremo do seu albedrío persoal.

Ha de se deixar constancia da diferenciación conceptual entre asocial e anti-social. A última é unha noción utilizada frecuentemente no campo da psiquiatría para significar personalidades e condutas psicópatas que rexeitan a vida en común e cos «outros» e que poden chegar a ser, potencialmente, patolóxicas. A expresión «personalidade psicopática» pasou a ser converter para a escola de pensamento comportamentalista norteamericana (*behaviourist school of thought*) nunha categoría ampla aplicable aos individuos con trazos de carácter socialmente indesexable. A categoría do asocial, pola súa banda, admite a normalidade psicolóxica e maniféstase en variadas formas, sendo as que afectan ás carencias de empatía social e solidariedade cidadá as que interesan ás análises e reflexións efectuadas neste ensaio.

Os individuos sociais son alérxicos ao EB, e só aceptan unha versión residual del con mínimo custo e máximo beneficio para eles. Tal visión adoita empare-

¹¹ En 2008, por exemplo, a taxa marxinal do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) en Dinamarca era do 59 %, en contraste co 43 % en España. A menor porcentaxe en Europa correspondía a Bulgaria cun 10 %.

llarse coa convicción de que a (pos)modernidade (neo)liberal acadou unha fase de compracente «liquidez» e «reflexividade» en que as persoas forxan para si personalidades flexibles e adaptables ás situacións continxentes e de risco que se lles presentan nos seus cursos vitais (Bauman 1999). Así, o valor heterorreferencial permitiría construír unha autonomía individualizada que, a diferenza dos postulados simmelianos, non precisa imperativamente dos nosos semellantes. Intensifícanse, de tal xeito, procesos de individualización nos cales os individuos son unidades básicas de reprodución social. Os individuos pugnan entre eles aspirando a asegurar a súa propia activación laboral e independencia económica nunha espiral que socava os fundamentos da coexistencia social (Beck e Beck-Gernsheim 2002). A mundialización económica e a difusión do modelo neoliberal de globalización anglonorteamericana reduciría a unha cuestión puramente de gustos a forxa de identidades individuais autosuficientes, orfas do esforzo común cidadán e do condicionamento das institucións públicas (Béjar 2007).

O individualismo posesivo non só proclama a liberación dos individuos dos seus vencellos colectivos, senón que os empra a construción autónoma das súas propias biografías vitais. Eventualmente, os individuos perden o seu sentido da lealdade institucional, circunstancia que se agudiza coa volatilidade e as incertezas laborais (Sennet 2006). O valor do traballo corróese favorecendo o egoísmo do «murmure a miña veciña e teña o meu fol fariña». Os cidadáns deixan de lado a solidariedade cos seus semellantes alén das mecánicas rutineiras e os hábitos colectivos, o que aumenta a súa asociabilidade. Para un proxecto vital asocial non se precisan maiores compromisos cidadáns e os individuos xestionan os recursos relacionais atendendo ao seu único proveito, e utilizándoos discrecionalmente *à la carte*. Paradoxalmente, produtos e bens culturais postos á venda e ao alcance da súa libre decisión individual deveñen en obxectos homoxéneos e estandarizados colectivamente (Ritzer 1993).

O financiamento xeneralizado no Reino Unido e nos Estados Unidos desde os anos de 1980 foi un dos procesos determinantes da eclosión da enxeñaría financeira causante do crac de 2007. Xa en 1986, as políticas de Thatcher impulsaron os mercados de valores e fixeron da City londiniense o Shangri-La da desregulación coa eclosión de produtos financeiros opacos, logo adoptada con maior tesón, se cabe, por Wall Street durante o longo período de Alan Greenspan á fronte da Reserva Federal estadounidense (1897-2006). A aspiración a unha sociedade de propieta-

rios e a «miraxe da riqueza» inflaron a burbulla inmobiliaria. Nos anos seguintes, os consumidores nos EUA e no RU intensificaron o uso especulativo dos diñeiros das súas pensións, ou das súas casas, así como doutros mecanismos de investimento e endebedamento. A conversión dos cidadáns en investidores foi un dos procesos máis paradoxais —e non suficientemente analizados— na eclosión de produtos financeiros nos mercados bolsistas (derivados e titulacións). A falla de regulación destes últimos, a opacidade das operacións e a actuación criminal dos responsables das corporacións financeiras que os xestionaban foron determinantes no enorme fracaso hipotecario e rehipotecario que orixinou o crac de 2007.

Lémbrese que, mentres que en 2002 o volume de créditos *subprime* das entidades financeiras nos Estados Unidos alcanzaba arredor do 7 % do mercado hipotecario, ao inicio do crac a porcentaxe case se duplicara. O uso descontrolado da titulización (*securitization*) foi considerado como un dos grandes responsables da crise, dado que moitos créditos *subprime* se titularizaron. Ao pasaren as entidades dunhas a outras os riscos inherentes destas titulacións «infectadas», contaminouse todo o sistema financeiro norteamericano e, conseguintemente, o mundial. O elevado risco de falta de pagamento dos debedores dos activos foi o principal risco que ocultou a titulización¹².

Na nova situación creada durante a Idade de Prata do *welfare* (1976-2007), o sostemento dos valores emblemáticos de liberdade, igualdade e fraternidade, ideario fundacional da modernidade política en Europa¹³, quedou sometido a unha reinterpretación na que a liberdade (dos máis fortes) prevalecía sobre todo o demais, ou política de «o gañador todo o leva». No tránsito cara á Idade de Bronce do *welfare* (2008-?), a mundialización do modelo anglonorteamericano puxou con forza cara a un entendemento do autointerese como filosofía e dun *hybris* individual en permanente negación de límites. Como consecuencia, a compatibilización entre as pulsións do capitalismo e do benestar social mantívose como ecuación non resolta e con novas incógnitas por despexar.

¹² A fins de 2011, o Tesouro estadounidense inxectara diñeiro público que se aproximaba a 200 000 millóns de dólares para cubrir os créditos das hipotecarias semipúblicas Fannie Mae e Freddie Mac, as cales posuían ou garantían a metade das hipotecas emitidas nos EUA antes da recesión e máis do 90 % das subscritas posteriormente.

¹³ Propóñense novas formulacións nas que «singularidade», «comunalidade» e «reciprocidade» adecuarían a vella tríade emancipadora de «liberdade», «igualdade» e «fraternidade» aos tempos posmodernos (Rosanvallon 2011).

As sociedades modernas outorgaron carta de natureza ao mercado e ao Estado como institucións reguladoras do benestar e a satisfacción vital dos cidadáns. Se ben a primeira institución articula os valores do autointerese individualista e do cálculo económico nas relacións materiais entre os cidadáns, a segunda institución é depositaria da autoridade de carácter coercitivo, asumindo funcións de procura pública. Tanto unha como outra contribuíron a disipar as responsabilidades morais dos cidadáns con respecto ao corpo político, ou politeia, do que forman parte. O sentido de obriga moral dos individuos respecto aos seus concidadáns tendeu a se debilitar quer se puxese a tónica na mercantilización, quer na solidariedade vicaria estatalista. Tales desenvolvementos socavaron en diferentes graos e intensidades o propio concepto de benestar social e contribuíron a difundir a idea de que o EB europeo é un mero epifenómeno da modernidade.

Existe a crenza xeneralizada de que o capitalismo, como expresión do liberalismo económico, é un sistema da Idade Contemporánea. Máis concretamente, asúmese que o seu desenvolvemento en Europa e a posterior extensión mundial se levaron a cabo durante o século XIX coincidindo co industrialismo e a grande expansión imperial vitoriana. Mais capitalismo, nas súas variadas manifestacións e formas, existiu desde que o diñeiro ou capital estruturou as relacións económicas das xentes e dinamizou o decorrer das sociedades humanas.

A antiga civilización romana, referente civilizatorio do devir posterior do mundo occidental, xa afrontou ciclos e crises capitalistas como a do *crash* de 1929 ou o inacabado crac de 2007. Abonde lembrar, como exemplo entre outros, a situación de crise capitalista suscitada en tempos dos emperadores Augusto (63 a. C.-14 d. C.) e Tiberio (14 d. C.-37 d. C.) e descrita por Indro Montanelli na súa celebre *Storia di Roma* (1957). Como organización social complexa, a antiga Roma xa se debatía entre a acción mercantilizadora e a estatalista. É aventurado discernir ata que punto o desenvolvemento socioeconómico romano, debido á acción do Estado e da iniciativa privada, é un antecedente histórico válido do moderno capitalismo do benestar. Non o é menos preguntarse se a politeia romana era máis individualizadora ca colectivista. Porén, si cabe identificar a pulsión de —e entre— ambas as ideas e prácticas como precursora do que séculos máis tarde serían os modernos Estados do benestar.

Os primixenios teóricos do liberalismo económico contemporáneo interpretaron o capitalismo como a autorización divina para entrar en liza polo mercado

de bens ou de traballo, sen máis limitacións ca as fluctuantes condicións que o propio mercado, institución de intercambio por excelencia, impuxese. Na súa acepción contemporánea, o capitalismo pode definirse tamén como un proceso mediante o cal un empresario —ou un colectivo deles— inviste uns diñeiros, ou capital, nun negocio, do cal obtén uns beneficios que —e este é o seu trazo máis característico— volve investir para conseguir máis beneficios no marco dun mercado, e case sempre en concorrencia con outros empresarios.

O «capitalismo do benestar», na súa primeira formulación, realizada polo economista alemán Gustav von Schmoller (1838-1917), facía fincapé na necesidade de os poderes públicos proveren de benestar social os traballadores e os cidadáns sen confiaren en que as empresas e os empregadores puidesen realizar a dita tarefa por si mesmos. Durante a primeira metade do século xx, e en modos e traxectorias varios, os sistemas de provisión social dos países europeos seguiron as prescricións de Schmoller, as cales foron a xénese dos EB contemporáneos. Podería cualificarse o dito período histórico como unha fase inicial do *welfare*, e á cal agora poderían retrotraerse os sistemas de protección continentais tras o crac de 2007.

Tense argüído que o capitalismo do benestar que floreceu en Europa na Idade de Ouro do *welfare* logo da Segunda Guerra Mundial non mudou en nada a estrutura básica do capitalismo, o cal, segundo a narración marxiana, cabe reducir á máxima de «o capitalista controla e o traballador produce». Un tanto paradoxalmente, e desde posicións ideolóxicas e prescritivas de carácter contraposto, tanto pensadores neomarxistas como neoliberais e inspiradores da nova dereita coincidiron nos decenios de 1970 e 1980 nalgúns dos seus diagnósticos verbo da dificultade de conciliar as lóxicas do Estado do benestar e do crecemento capitalista. Se ben a primeira afectaba a unha institución garante de estabilidade no repartimento desigual da riqueza, a segunda atopaba dificultades nos mecanismos de xeración de beneficios esixibles á eficiencia capitalista. Xa en 1973 James O'Connor avanzou as súas coñecidas teses sobre a crise fiscal do Estado e a sobrecarga orzamentaria das democracias occidentais. Outros autores como Jürgen Habermas (1973), Ian Gough (1979) ou Claus Offe (1984) sinalaron, así mesmo, que o EB provocaba unha contradición entre a lexitimación do sistema capitalista e a erosión dos dispositivos de acumulación capitalista. Pola súa banda, para Milton Friedman a estatalización da actividade económica e o alto nivel de recursos «cativos» polo insaciable sector público da economía supuñan un

obstáculo para o progreso. A tales disfuncionalidades contribuían un uso excesivo estatal do endebedamento público e un crecemento descontrolado da inflación, prexudiciais ambos para a optimización dos sistemas produtivos (Friedman e Friedman 1980).

Malia as crises económicas, o EB europeo amosaba no tránsito ao terceiro milenio unha encomiable fortaleza institucional evidenciada nas súas altas cotas de lexitimidade cidadá, que permitiran a súa supervivencia (Kuhnle 2000). O éxito do modelo social europeo no mantemento da paz e a cohesión sociais no Vello Continente e o seu incerto futuro reclaman a atención da seguinte sección.

O ASEDIO DO MODELO SOCIAL EUROPEO

O modelo social europeo (MSE) é un proxecto político artellado arredor dos valores de equidade social (igualdade), solidariedade colectiva (redistribución) e eficiencia produtiva (optimización), e resultante dos procesos contemporáneos de conflito e cooperación no Vello Continente. O MSE promove a cidadanía social entendida como aspiración a unha vida digna e ao benestar social dos individuos, mediante o acceso ao traballo remunerado e á provisión social en situacións de risco, e sobre a base duns estándares vitais lexitimados polo conxunto da sociedade. Como obxectivo estratéxico xeral, o MSE auspicia o crecemento económico sostido e sustentable baseado na cohesión social (Moreno e Serrano Pascual 2009).

Os perfís que delimitan o MSE contrastan cos doutros sistemas socioeconómicos onde o individualismo remercantilizador é o trazo característicos das políticas do benestar (os EUA), ou onde o *dumping* social se propón como recurso extra para o crecemento económico (a China e outros países emerxentes asiáticos). Para o pensamento individualista estadounidense: «Coa morte do experimento marxista soviético, o socialismo ao estilo europeo, e a súa redistribución de recursos, tornouse atractivo. Mais ningún enfoque colectivista puido ao cabo igualar a capacidade da democracia de libre mercado para producir e crear prosperidade para todos» (Ryan 2011: 11). O modelo de neoescravismo asiático non se refire *stricto sensu* á propiedade física das persoas, senón á capacidade de as controlar como artefactos

para xerar beneficios materiais, coa conseguente exacerbación da desigualdade¹⁴. A versión contemporánea do neoescravismo, en suma, implica o control das persoas co propósito da súa explotación económica (Bales 2004).

En realidade, o MSE promove a cidadanía social entendida como unha limitación á desigualdade social e económica, unha protección aos máis vulnerables e un parternariado social activo¹⁵. Ao se plasmar o ideal de cohesión social na práctica das políticas económicas e sociais, así como na organización institucional do benestar, xorde unha diversidade de matices no entendemento do que é o MSE. Para a Confederación Europea de Sindicatos, por exemplo, o concepto de cohesión social implica unha mellora das condicións de vida e traballo dos cidadáns baseada no pleno emprego, traballos de calidade, igualdade de oportunidades, protección social para todos, inserción social e participación cidadá. Para a visión patronal menos oposta á flexibilidade¹⁶, a cohesión traduciríase nunha combinación de despedimentos máis doados, malia que con altas prestacións para os desempregados e unha política social proactiva cara ao mercado laboral. Naturalmente, hai voces discordantes respecto á plausibilidade de recomendar a adopción dun modelo amplo que puidese funcionar nalgúns países, mais que noutros resultaría contraproducente. Adúcese, así mesmo, que o MSE está a ser socavado pola realidade da mudanza económica global e a presión dos mercados financeiros internacionais¹⁷.

O propósito da coñecida como Estratexia Europa 2020 pon a tónica na creación de emprego, auténtico desafío europeo para contrarrestar os efectos do crac de 2007. Mais isto, segundo a propia Comisión Europea, ha de se acompañar

¹⁴ Calcúlase que a cuarta parte do PIB da India está nas mans de pouco máis dun centenar de oligarcas, dato que contrasta coa loita pola supervivencia de máis de 800 millóns dos seus compatriotas, os cales dispoñen dun dólar estadounidense ao día.

¹⁵ *Parternariado* é unha tradución do vocábulo inglés *partnership*, que indica unha asociación de actores varios, en particular entre socios (*partners*) públicos, privados e voluntarios, con fins cooperativos. O desenvolvemento comunitario local, a cooperación ao desenvolvemento ou a resolución de conflitos foron eidos pioneiros na aplicación das formas de parternariado. No ámbito do EB e as políticas sociais, o parternariado artéllase como estratexia de cohesión social, subliñando a particularidade e a natureza diversa dos *partners* que o compoñen.

¹⁶ Consistente en manter altos niveis de flexibilización laboral conxuntamente cunha alta protección social.

¹⁷ De acordo con esta visión, o modelo é insostible financeiramente nun futuro a medio/longo prazo. As taxas altas de fiscalidade poderían frear non só o investimento, senón tamén a creación de novo emprego. Así, contrapóñense os exemplos de Bélxica e Alemaña, onde os asalariados sen fillos ao seu cargo pagan a metade dos seus salarios en impostos e cotizacións sociais, mentres que en Nova Zelandia pagan pouco máis do 20 %, e aínda unha menor contía en economías de rendas medias, como en México e en Corea do Sur (Shackleton 2006).

con mellorar as condicións de vida dos cidadáns. Así, o crecemento debe ser inclusivo, sustentable e intelixente, e ha de atopar o xeito de crear novos postos de traballo e de ofrecer unha orientación ás nosas sociedades. Nunha dimensión máis xeral, o MSE é ao tempo recurso e obxectivo do proceso de europeización. Naturalmente, coexisten lexitimidades sociais varias sedimentadas no pasado dos diversos EB nacionais. Porén, o proceso de europeización potenciou a idea común de promover o benestar social dos cidadáns dos Estados membros da UE, malia as diferenzas puntuais entre os seus EB.

O proceso de europeización implica unha confluencia de recursos, representacións sociais e accións entre os países da Unión Europea. Isto é resultado, principalmente, da difusión de ideas comúns, dos procesos de harmonización estrutural económica, da construción dun sistema político transnacional e dun sistema de valores compartidos respecto ao social. A europeización engloba países que comparten unha herdanza común e asumen valores democráticos de igualdade, solidariedade e dereitos humanos. Se ben o concepto de europeización está viciado por falla de precisión normativa, é polisémico e está suxeito a diversas interpretacións, a súa natureza dinámica possibilitou unha progresiva —aínda que incerta— erosión da soberanía dos Estados membros da Unión Europea e un gradual desenvolvemento de institucións comúns supraestatais (Acordo de Schengen, euro, Parlamento Europeo, Tribunal de Xustiza ou Unión Económica e Monetaria, poñamos por caso).

O establecemento dos Estados Unidos de Europa non cabe asumilo como o resultado inevitable dunha europeización á norteamericana. Indubidablemente, é notoria a emerxencia dun nivel europeo de estruturas de gobernanza e a creación de normas europeas de regulación no ámbito da UE. No entanto, a integración institucional en Europa non depende necesariamente dunha asimilación cultural e dunha formación identitaria do tipo *melting pot* estadounidense, e cuxos teóricos prescriben como necesaria para consolidar a confianza política entre os cidadáns. A miúdo esta visión funcionalista asociouse de forma espuria coa organización estatalista vertical e xerarquizada do «orden e mando» (*command and control*), especialmente na organización nacional-estatal do EB e na provisión de políticas sociais (Moreno e McEwen 2005).

Un enfoque máis pluralista considera que as normas europeas só poden ser lexitimadas tendo en conta os diversos instrumentos de políticas públicas nunha politeia de gobernanza composta como a UE, así como a historia e a diversidade cultural ca-

racterística do mosaico de pobos que configuran o Vello Continente. As identidades múltiples, así manifestadas polos cidadáns europeos, están suxeitas a un contínuum variable de pertenzas e apegos de carácter comunitario e territorial, mais que está cimentado nos mencionados valores de igualitarismo, solidariedade e dereitos humanos. Boa parte das elites nacionais da UE son proclives a favorecer a europeización e a integración económica, política e social. No entanto, argúese na contenda que a complexidade da edificación sistémica (*system-building*) depende nunha medida menor do establecemento de institucións e, nunha medida maior, das actitudes, valores e apegos identitarios dos cidadáns. Só unha acción de despotismo ilustrado, apoiada por arredor do 15 % da poboación europea máis europeísta (profesionais con altos niveis de instrución, principalmente), podería efectuar unha construción *top-down* dunha estrutura supraestatal vista con receo polos cidadáns de a pé.

Existe tamén unha dicotomía entre unidade e diversidade que conforma unha fronteira interior (Máiz 2008). É esta unha dimensión que atinxe á xénese e consolidación do *welfare state* europeo conformadas pola propia constitución e evolución dos Estados nacionais. A maior competencia na elaboración e provisión das políticas sociais continúa a ser unha responsabilidade exclusiva dos Estados membros da UE. No entanto, e segundo o sinalado no apartado anterior verbo da regulación comunitaria en materia de bens e servizos públicos, a construción de confíns competenciais arredor do *welfare* é elusiva, incluídos aqueles que afectan a programas nacionais xa maduros e de longa traxectoria, como os relativos á cobertura dos riscos da vellez. A incentivación das pensións privadas complementarias ás prestacións nacionais, e as súas implicacións para os mercados internacionais de seguros, ilustran a osmose e posta en común regulatoria en temas que afectan á unión fiscal europea.

O entendemento do EB como un asunto propio de cada nación europea socava —mesmo intencionalmente— a idea de unidade e coherencia do MSE. En países europeos onde se desenvolveu máis xenerosamente o modelo universalista de EB (países nórdicos), recéase da unidade do modelo europeo, o que podería comportar unha rebaixa dos seus altos estándares, amplamente lexitimados en longos períodos de tempo. A colisión normativa entre unha Europa cada vez máis unificada e unha persistencia soberana dos Estados membros só é viable coa aplicación do principio federalista que establece a conciliación da unidade e diversidade mediante o pacto político entre os países constituíntes da UE. A dita filosofía federalista xa se encar-

nou nalgunhas institucións de corte federal como son o Parlamento, o Tribunal de Xustiza ou o Banco Central europeos. Mais nacionalismos e populismos de heteroxénea índole recean do «*Big Brother*» comunitario e pexan, na medida da súa variable forza electoral, o proceso europeizador. A contenda entre ambas as concepcións europeísta e nacionalista é un conflito aberto e inacabado.

O modelo socioeconómico europeo, tal e como se argumenta neste ensaio, descansa fundamentalmente na persistencia dos EB nos países membros constituíntes da UE, os cales son plasmación institucional dun capitalismo de benestar que facilitou altos graos de prosperidade económica e cohesión social desde a Segunda Guerra Mundial. Unha conceptualización tal non esixe a fortiori a plasmación institucional homoxénea e única en todos os países do Vello Continente dun tipo de *welfare state*. Corporatismo, coxestión, desregulación ou flexibilidade son variantes de diversas institucionalizacións de benestar social en países con parellos niveis de gasto social, tales como Francia, Alemaña, o Reino Unido ou Dinamarca, poñamos por caso. As diversidades do *welfare* entre estes países son recoñecibles. Tamén o son a efectividade e a lóxica operativa dos seus EB. Os amplos sistemas contributivos galos e teutóns, o Servizo de Saúde británico (National Health Service) ou a protección garantida na rotación de emprego e desemprego son trazos individuais dun modelo europeo común que se mostra en diferentes encaixes institucionais e diversos tipos de EB.

Coa evidencia empírica recollida tras analizar datos lonxitudinais dunha serie de indicadores e variables, tense argumentado que o grao de variación interna entre os EB europeos é maior ca o existente entre o *welfare* europeo e o norteamericano (Alber 2010). Cabe complementar tal aseveración coa constatación de que, malia a súa diversidade, non se trata de diferentes modelos sociais europeos, senón de diferentes traxectorias internas, mais con fundamentos morais e axiolóxicos compartidos. A pesar da súa diversidade, as variedades do capitalismo do benestar pasaron a compartir uns mesmos obxectivos estratéxicos e unha mesma preocupación pola optimización do capital humano.

CONSIDERACIÓNS FINAIS: EUROPA FÁUSTICA?

As últimas convulsións económicas mundiais reviviron a discusión arredor do destino da civilización «fáustica» europea. Coa edición en 1918 do primeiro

volumen de *Der Untergang des Abendlandes* («A decadencia de Occidente»), xa Oswald Spengler apuntaba que a epopea da modernidade europea se saldaría coa súa morte segura, ao negar os seus propios límites e reafirmar o axioma de que todas as civilizacións son transitorias. Spengler auguraba que a cultura occidental se achaba na última etapa das catro que teorizara sobre as culturas como ciclos vitais: xuventude, crecemento, florecemento e decadencia. Aseveraba que a democracia era un interludio entre monarquía absoluta e novo imperio, ao xeito, este último, como o visionou o fascismo mussoliniano. O tamén filósofo da historia Arnold J. Toynbee incidiu analogamente na teoría cíclica sobre o desenvolvemento das civilizacións na súa magna obra *A Study of History* («Estudo da historia»). Mais puntualizou que unha civilización como a europea só decaería como consecuencia da súa incapacidade para se enfrontar aos retos que tería por diante no futuro. Os retos transmutáronse en urxencias coa irrupción do crac financeiro de 2007.

De certo, o asunto da «morte segura» de Europa segue a fascinar pensadores de variadas sensibilidades. As visións máis pesimistas alegan que a mudanza xeracional coincidiu cun menor interese da xente nova polo devir futuro de Europa e cunha desnaturalización civilizatoria europea debida á presenza de inmigrantes portadores doutras culturas, relixións e crenzas alternativas. A combinación de tales factores faría ineludible o epitafio por unha Europa sen confianza, espectadora ensimesmada e impasible do seu declive inevitable (Laqueur 2009). Nun rexistro diferente, o pensador parisiense de orixe xudeu-austriaca George Steiner identificou o perigo da uniformización cultural polo baixo e «o despotismo do mercado de masas e as recompensas do estrelato comercializado» (2005: 78)¹⁸.

A europea foi sempre unha civilización de vocación e repercusións mundiais, cuxa influencia se impuxo en ocasións mediante a conquista e a colonización. A propia concepción de Europa como sistema mental é, cando menos, controvertida. E é que a súa unidade ontolóxica é un composto de diversidades antropolóxicas, culturais e políticas inherentes á súa historia e por mor do seu extraordinario dinamismo e cosmopolitismo (Todd 1990). Se durante o século XIX Europa —e a etiquetaxe «mundo occidental»— emerxeu como a civilización mundial máis

¹⁸ Para Steiner, Europa perecerá se non loita pola diversidade das súas linguas e das súas tradicións locais e polas súas autonomía sociais. Entre os factores exógenos que ameazan Europa, apúntanse a americanización (en acepción estadounidense) de Europa e a crecente marea deterxente do angloamericano.

rica e poderosa do planeta, eclipsando outras como o Imperio Otomán, a China Qing, a India Mughal ou o Xapón Tokugawa, agora estariamos a asistir á mingua irreversible europea ante o acoso doutros modelos socioeconómicos alternativos (remercantilización anglonorteamericana e neoescravismo asiático). Nos tempos que corren presenciamos un proceso mediante o cal outros valores civilizatorios pugnan por reconducir o Vello Continente¹⁹ cara a modos alleos á súa propia configuración cultural e institucional. A osmose contaminante do capitalismo de «casino», coa súa corruptora avidez polo diñeiro, sería o acelerador dunha deterioración irreversible para unha Europa conformada co modelo de globalización neoliberal.

Son varias as razóns e factores que inciden no encollemento existencial do Vello Continente. Neste traballo apuntamos á progresiva obsolescencia do Estado-nación como indutor da vida política europea. A súa supervivencia como actor *quasi* exclusivo do proceso de converxencia europea engade unha dificultade extra á institucionalización política da UE. Porque o obxectivo final da europeización non é outro que constitucionalizar a unión continental mediante a posta en vigor dunha gobernanza multinivel respectuosa cos principios da subsidiariedade territorial e a rendición de contas democrática. En tan prolixa —e inexplorada— tarefa de edificación institucional, o rol que deben desempeñar os Estados membros da UE continúa a ser determinante por mor dos legados históricos e as inercias do pasado.

Certamente, o modelo estatal westfaliano, inaugurado simbolicamente polo tratado de paz asinado en Münster en 1648, estruturou a modernidade europea baseando a súa acción na concentración do poder, a xerarquía, a soberanía e a identidade estatal omniabarcante e homoxénea. Mais a súa data de caducidade foi excedida pola propia incapacidade dos Estados-nación europeos de manteren unha orde continental acompañada ás mudanzas societarias internas e á vida na «aldea global» (McLuhan e Powers 1989). A crecente contorna de interdependencias fai inservible o concepto de soberanía nacional de antano como ámbito exclusivo de decisión estatal. Co tránsito ao terceiro milenio, as novas demandas continentais buscan optimizar o solapamento das autoridades e os Gobernos, compartindo soberanías postestatais e diversificando os encaixes institucionais ancorados nunha multiplicidade de identidades e culturas.

¹⁹ Lémbrese que en 2003 Donald Rumsfeld, naquel tempo secretario de Defensa na Administración de George W. Bush, falaba pexorativamente da Vella Europa en referencia aos países que non apoiaron a invasión estadounidense de Iraq, especialmente de Alemaña e Francia. A Nova Europa, en troques, era a representada daquela pola Italia gobernada por Berlusconi e a España do Goberno de Aznar.

A adaptación aos novos escenarios de revitalización política mediante a europeización da gobernanza multinivel responde á vella crenza do «móbil perpetuo»²⁰, tan característico da civilización europea, e cuxa visión contrapón ao fatalismo do determinismo histórico as imprevisibles e continxentes facultades do Vello Continente para se reciclar en modo incesante. Trátase dun anovamento que se realizaría, paradoxalmente, dun xeito semellante ao destino do propio capitalismo contemporáneo, causa da súa aparente doenza terminal (Giner 2010).

Europa unirase máis estreitamente se é capáz de promover o seu modelo socioeconómico como paraugas amplo e integrador dos diversos Estados do benestar europeos (Romero 2011). O trazo cualitativo do EB, unha invención europea á fin e ao cabo, foi a promoción da cidadanía —civil, económica, política e social— como contrasinal da propia supervivencia do impulso europeizador. Alternativamente, e á vista doutra acepción do «fáustico», Europa ben podería ser tentada a «vender» a súa alma libre, fraternal e solidaria en prol de adquirir unha nova vida para gozar dos praceres prometidos polo modelo do neoliberalismo de corte angloamericano. Este modelo, en realidade, non é foráneo na súa xénese conceptual ao pensamento europeo e occidental. Tal circunstancia reforza persuasivamente o poder glamuroso da «miraxe da riqueza» abrazada por amplos sectores sociais. Uns colectivos que, máis cedo ca tarde, descubren o efecto opiáceo e irreal do consumo suntuario que propón a sociedade neoliberal.

A paixón polo coñecemento característica da civilización europea eríxese como o recurso máis importante para apuntalar unha unión política respectuosa co seu impulso creador e vital. Tal impulso ha de ser concordante co distintivo modelo socioeconómico europeo e, en especial, co despregamento dun futuro produtivo baseado na sustentabilidade e a creación de valor engadido. Á marxe de consideracións conxunturais, a Europa fáustica precisa dunha visión que domine a capacidade inhibidora dos nacionalismos estatalistas e o individualismo posesivo dos seus cidadáns fronte ao interese común europeo.

²⁰ O *perpetuum mobile*, o cal é concepto utilizado con frecuencia no campo da física teórica que auspia un funcionamento permanente unha vez asentado o impulso inicial. Alúdese, en parecidos termos, á doutrina da palinxénese ou «eterna recorrencia», mediante a cal, tras o ciclo da existencia e morte, sucede unha reencarnación de valores que asegurarían a continuidade da civilización europea.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALBER, Jens (2010): «What the European and American welfare states have in common and where they differ: facts and fiction in comparisons of the European social model and the United States», *Journal of European Social Policy*, 20:2, 102-125.
- ARROW, Kenneth J. (1950): «A Difficulty in the Concept of Social Welfare», *Journal of Political Economy*, 58:4, 328-346 (<http://gatton.uky.edu/Faculty/hoytw/751/articles/arrow.pdf>).
- BALES, Kevin (1999): *Disposable People: New Slavery in the Global Economy*. Berkeley, CA, University of California Press [ed. castelá: *La nueva esclavitud en la economía global*, Madrid, Siglo XXI, 2000].
- BAUMAN, Zygmunt (1999): *Modernidad líquida*, Bos Aires, Fondo de Cultura Económica.
- BECK, Ulrich / Elisabeth BECK-GERNSHEIM (eds.) (2001): *Individualization: Institutionalized Individualism and Its Social and Political Consequences*, Londres, SAGE [ed. castelá: *La individualización: el individualismo institucionalizado y sus consecuencias sociales y políticas*, Barcelona, Ediciones Paidós Ibérica, 2003].
- BÉJAR, Helena (2007): *Identidades inciertas: Zygmunt Bauman*, Barcelona, Herder.
- BELL, Daniel (1974): *The Coming of Post-Industrial Society*, Londres, Heinemann [ed. castelá: *El advenimiento de la sociedad postindustrial*, Madrid, Alianza, 2006].
- BERLIN, Isaiah (1958): *Two Concepts of Liberty*, Oxford, Clarendon Press [ed. castelá: «Dos conceptos de libertad», en Anthony Quinton (ed.), *Filosofía política*, México, D. F., Fondo de Cultura Económica].
- CASTEL, Robert (1992): «La inserción y los nuevos retos de las intervenciones sociales», en Fernando Álvarez-Uría (comp.), *Marginación e inserción*, Madrid, Endymion, 25-36.
- ELIAS, Norbert (1990): *La sociedad de los individuos*, Barcelona, Península.
- ESPING-ANDERSEN, Gøsta / Bruno PALIER (2010): *Los tres grandes retos del Estado del bienestar*, Barcelona, Ariel.
- FLORA, Peter (1993): «Los estados nacionales del bienestar y la integración europea», en Luis Moreno (ed.), *Intercambio social y desarrollo del bienestar*, Madrid, CSIC, 15-27.
- FRIEDMAN, Milton / Rose FRIEDMAN (1980): *Free to Choose: A Personal Statement*, Londres, Secker & Warburg.
- HABERMAS, Jürgen (1973): *Legitimationsprobleme im Spätkapitalismus*, Frankfurt, Suhrkamp [ed. castelá: *Problemas de legitimación en el capitalismo tardío*, Madrid, Cátedra, 1999].
- HAYEK, Friedrich August von (1944): *The Road to Serfdom*, Londres, Routledge [ed. castelá: *Camino de servidumbre*, Madrid, Alianza, 2000].
- GINER, Salvador (2010): *El futuro del capitalismo*, Barcelona, Península.
- GOUGH, Ian (1979): *The Political Economy of the Welfare State*, Londres, Macmillan [ed. castelá: *La economía política del Estado del bienestar*, Madrid, Blume, 1982].
- KUHNLE, Stein (ed.) (2000): *The Survival of the European Welfare State*, Londres, Routledge.
- LAQUEUR, Walter (2009): *The Last Days of Europe: Epitaph for an Old Continent*, Nova York, St. Martin's Griffin.
- MACPHERSON, Crawford Brough (1962): *The Political Theory of Possessive Individualism: From Hobbes to Locke*, Oxford, Oxford University Press [ed. castelá: *La teoría política del individualismo posesivo: de Hobbes a Locke*, Madrid, Trotta, 2005].
- MÁIZ, Ramón (2008): *La frontera interior: el lugar de la nación en la teoría de la democracia y el federalismo*, Murcia, Tres Fronteras Ediciones [ed. inglesa: *The Inner Frontier: The Place of Nation in the Political Theory of Democracy and Federalism*, Bruselas, PIE Peter Lang, 2012].

- MARSHALL, Thomas (1950): *Citizenship and Social Class and Other Essays*, Cambridge, Cambridge University Press [ed. castelá: *Ciudadanía y clase social*, Madrid, Alianza, 1988].
- MC LUHAN, Marshall / Bruce R. Powers, (1989): *The Global Village: Transformations in World Life and Media in the 21st Century*, Nova York, Oxford University Press [ed. castelá: *La aldea global*, Barcelona, Gedisa, 1990].
- MONTANELLI, Indro (1957): *Storia di Roma*, Milán, Longanesi [ed. castelá: *Historia de Roma*, Barcelona, Debolsillo, 2010].
- MORENO, Luis (2012): *La Europa asocial: crisis y Estado del bienestar*, Madrid, Península.
- MORENO, Luis (2014): *Europa sin Estados: unión política en el (des)orden global*, Madrid, Los Libros de la Catarata.
- MORENO, Luis / Nicola McEWEN (2005): «Exploring the territorial politics of welfare», en Nicola McEwen / Luis Moreno (eds.), *The Territorial Politics of Welfare*, Londres, Routledge, 1-40.
- MORENO, Luis / Amparo SERRANO PASCUAL (2009): «Modelo Social Europeo y políticas sociales: una evaluación formativa institucional», *Gestión y Análisis de Políticas Públicas*, 2, 11-32.
- NOZICK, Robert (1974): *Anarchy, State and Utopia*, Oxford, Blackwell [ed. castelá: *Anarquía, Estado y utopía*, México, D. F., Fondo de Cultura Económica, 1988].
- O'CONNOR, J. (1973): *The Fiscal Crisis of the State*, Nova York, St Martin's Press [ed. castelá: *La crisis fiscal del Estado*, Barcelona, Península].
- OFFE, Claus (1984): *Contradictions of the Welfare State* (ed. John Keane), Londres, Hutchinson [ed. castelá: *Contradicciones en el Estado del Bienestar*, Madrid, Alianza, 1990].
- RAWLS, John (1971): *A Theory of Justice*, Cambridge, MA, Belknap [ed. castelá: *Una teoría de la justicia*, México, D. F., Fondo de Cultura Económica, 1978].
- RITZER, George (1993): *The McDonalization of Society*, Thousand Oaks, CA, Pine Forge Press [ed. castelá: *La McDonalización de la sociedad*, Barcelona, Ariel, 1996].
- ROMERO, Joan (2011): «¿Quiere Europa ocuparse del futuro de su modelo socioeconómico? ¿Puede hacerlo? ¿Europa o los Estados?», *Pasajes de Pensamiento Contemporáneo*, 35: 15-27.
- ROSANVALLON, Pierre (2011): *La Société des égaux*, París, Seuil [ed. castelá: *La sociedad de iguales*, Bos Aires, Manantial, 2012].
- ROTHSTEIN, Bo (1998): *Just Institutions Matter: The Moral and Political Logic of the Universal Welfare State*, Nova York, Cambridge University Press.
- RYAN, Paul (2011): *A Roadmap Plan for America's Future: Description of the Legislation*, Budget Committee Republicans (<http://www.roadmap.republicans.budget.house.gov/>).
- SENNETT, Richard (2006): *La corrosión del carácter: las consecuencias personales del trabajo en el nuevo capitalismo*, Barcelona, Anagrama.
- SHACKLETON, Len (2009): «¿Se ha pasado el momento del modelo social europeo?», en Francisco Beltrán (coord.), *Modelos sociales europeos*, Madrid, Marcial Pons/Fundación Rafael del Pino, 69-91.
- SPENGLER, Osvaldo (1966): *La decadencia de Occidente*, t. 1: *Bosquejo de una morfología de la historia universal*, Madrid, Espasa-Calpe [versión orixinal, 1918].
- STEINER, George (2005): *La idea de Europa*, Madrid, Siruela.
- THATCHER, Margaret (1993): *Los años de Downing Street*, Madrid, El País/Aguilar.
- TODD, Emmanuel (1990): *L'Invention de l'Europe*, París, Seuil [ed. castelá: *La invención de Europa*, Barcelona, Tusquets, 1995].

- TOYNBEE, Arnold J. (1934-1961): *A Study of History* (12 vols.), Oxford, Oxford University Press [ed. castelá: *Estudio de la Historia*, Barcelona, Edhasa, 1963].
- VEBLEN, Thorstein (1899): *The Theory of the Leisure Class: An Economic Study in the Evolution of Institutions*, Nova York, Macmillan (título modificado en 1912 por *The Theory of the Leisure Class: An Economic Study of Institutions*). [Ed. castelá: *Teoría de la clase ociosa*, México, Fondo de Cultura Económica, 1944. Traducción de Vicente Herrero].